

## PEZA DO MES

novembro

2012



**MICRÓLITOS**

XUNTA DE GALICIA

## Micrólitos

As pezas que nos ocupan son dous micrólitos, sobre sílex, moi similares en tamaño e contexto. O da esquerda é un trapecio asimétrico, cunha lonxitude máxima de 26,02 mm e un grosor de 2,05 mm, cun retoque marxinal e abrupto, atopado na mámoa M5 do Outeiro de Cavaladre, Santiago de Requiás, Muíños (Ourense) (EGUILETA, J.M., 1991) e o da dereita é un fragmento doutro trapecio, de lonxitude máxima e grosor descoñecidos, tamén con retoque marxinal e abrupto, atopado na mámoa M2 do Monte de San Bieito, San Mamede de Grou, Lobios (Ourense) (RODRÍGUEZ, C.; XUSTO, M.; EGUILETA, J.M., 1990). Ámbalas dúas pezas microlíticas se atoparon en contextos atípicos, como máis adiante veremos. Quizais foron depositadas nos túmulos cunha intención ritual e son unha mostra da pervivencia de técnicas predominantes en etapas prehistóricas anteriores, que logo se prolongaron no Neolítico e incluso no Bronce e en etapas máis recentes.

O micrólito adoita ser definido como unha peza de equipamento dos cazadores da Europa posglaciar en forma de obxectos líticos confeccionados a partir de laminiñas, cunha dimensión maior límite, aproximada, de 2,5 cm e que só poden ter utilidade mangados (LAMING, A., 1966).

Moitos micrólitos obtéñense de laminiñas previas (sobre sílex, cuarzo e mesmo cuarcitas), xeralmente pola técnica denominada do "golpe de microburil" (TIXIER, J., 1963). Nela cóllese unha laminiña e apóiase pola súa cara superior no bordo dunha bigornia e cun percusor duro e estreito golpéase ata realizar na laminiña unha marca, que se vai afondando con outros golpes; a laminiña fractúrase bruscamente e libérase o extremo dela (este extremo é o microburil) e o resto da laminiña posúe unha punta aguda (laminiña de ápice triédrico). Se se realiza a mesma operación no outro extremo obtense outro microburil e un novo ápice triédrico, e así pódese fabricar un trapecio, o cal pode retocarse posteriormente. De igual forma, doutras láminas pódense extraer triángulos, segmentos de círculo e outros útiles.

A produción de micrólitos devén dun proceso de leptolitización (adelgazamento das pezas con maior fío por peso) que vai producirse dende o Paleolítico Medio, sobre todo dende o Musteriense e dende a punta de Levallois, ata o Epipaleolítico, Mesolítico e o Neolítico temperán (Natufiense, Keboriense e Khianiense palestinos). Na Península Ibérica as industrias laminares e microlíticas típicas aparecen, por exemplo, no Neolítico da Cova d'Or, asociados á industria ósea, moi variada, e a obxectos de adorno,

así como a cerámica cardial. Estes procesos de leptolitización foron profundamente estudados, entre outros por Sonnevile-Bordes, D.; Bordes, F.; Escalon de Fonton, M. e Laplace, G. creador da tipoloxía analítica.

O proceso de leptolitización trae como resultado a secuencia evolutiva que Leroi-Gourhan (1962) expresa nun gráfico que vai dende os seixos tallados da "Pebble-culture" ata o Mesolítico-Neolítico. Nel establece as relacións entre o peso dos útiles de cada época e as dimensións do fío cortante obtido. Este vai dende os 40cm/1kg dos seixos tallados da "Pebble-culture", pasando polos bifaces achelenses (100cm/1kg) e as puntas de Levallois (4m/1kg) ata os micrólitos do Mesolítico con 100m/1kg de peso.

As clasificacións dos micrólitos son case unha por cada prehistoriador. Só faremos fincapé para a Península Ibérica na de Fortea, F.J. (1973), presentada na súa tese salmantina sobre "*Los complejos microlaminares y geométricos del Epipaleolítico mediterráneo español*" (ver figura) e a do GEEM (Grupo de Estudo do Epipaleolítico – Mesolítico) nas súas obras colectivas "*Los microlitos geométricos*" e "*Las armaduras no geométricas*". Así teríamos: a) Micrólitos xeométricos: triángulos, trapecios, rectángulos e segmentos de círculo, e b) Armaduras non xeométricas: puntas de truncadura oblicua, puntas de dorso rectilíneo (con retoque unilateral ou bilateral); puntas foliáceas; puntas fusiformes, tipo Sauveterre; puntas de base transversal, e puntas Tardenois ou en forma de "bala de fusil".

Son moi rechamantes as armaduras recollidas no Sáhara.

Os micrólitos tiñan que empregarse mangados, sobre todo en arpóns de pesca (triángulos e trapecios de Monclus (Gard) e en puntas de frecha (xa que o arco coñécese documentado no Mesolítico danés, realizado en madeira de olmo, e incluso do Paleolítico Superior). Existen documentados exemplos da súa fixación con resina nun mastro de piñeiro de Suecia (frecha de Loshult), micrólito de Star Carr inglés ou as frechas de fío transversal (moito máis letais pola súa maior lonxitude de fío e por isto maior capacidade de desgarrar tecidos) fabricadas cun trapecio.

É de grande interese o achado en Téviec (illa de Morbihan fronte a Quiberon) por Pequart, S.J. (1937), en sepulturas datadas de hai 6000 anos, no esqueleto núm. 16, restos dun varón, con dúas vértebras torácicas con micrólitos incrustados. Na segunda dorsal penetrou unha extremidade de sílex dun proxección (frecha posiblemente) cuxa posición indica un "desparo no lombo". No lado esquerdo da sexta dorsal atopouse afundido un triángulo escaleno cuxo traxecto foi: "a frecha lanzouse de arriba a abaixo e de diante para atrás e penetrou no tórax entre a primeira e segunda costelas. Perforou a parte apical do pulmón esquerdo, seccionando posteriormente a aorta toráci-

ca, o que deu lugar a unha hemorraxia interna masiva que provocou a morte do individuo”. Este exemplo ilustra de forma magnífica o emprego dun micrólito como punta de frecha e o uso do arco.

No Neolítico os micrólitos usáronse como láminas engastadas en rañuras e fixadas con resina a un simple mango ou a un mango en forma de fouce. Os tallos dos cereais deixan sobre os fíos sinais de uso e abrasión moi características. O uso do dorso da madeira era sinxelo, asíndose cunha man, mentres coa outra se recollía o feixe de espigas a cortar, con máis ou menos pallas na primeira sega. Outras eran fouces curvas e complexas. Disto son exemplo as fouces simples de Egozvil en Suíza, as fouces compostas de Solferino en Italia ou as de Exipto (con láminas fixadas con asfalto). Actualmente aínda se usan métodos “primitivos” nas colleitas, como as “mesorias” asturianas para sega-la escanda maior (*Triticum monococcum*).

En Galicia aparecen xa os micrólitos en xacementos paleolíticos. O proceso de leptolitización (por exemplo A Piteira, Toén (Ourense) ten unha porcentaxe de útiles laminares do 7,5 %, segundo Villar, R. (1996)) asóciase a lascas pequenas e puntas de Levallois. Mais é no Epipaleolítico dos abrigos rochosos da Terra Chá e da Serra do Xistral, ademais dalgún xacemento da Coruña, onde a escola iniciada por Ramil, J. (1971 – 2008), encontraron os mellores conxuntos microlíticos, en numerosos xacementos como os de Arnela, Val do Inferno, Xestido III, Chan da Cruz, Pena Xiboi, Reiro, Pena do Pé, etc... É sobre todo no Xestido III onde “nun contexto microlítico con abundantes soportes de tipo laminar” aparecen armaduras, atopándose aínda máis elementos xeométricos en Pena Xiboi, onde destacan as armaduras trianguliformes (tamén en Pena do Pé). Son xacementos datados ó redor do 8500 – 6500 BP. Estas comunidades epipaleolíticas de finais do Preboreal e inicios do Atlántico, teñen a súa actividade dentro dunha paisaxe boscosa, con espesas carballeiras, comezando a primeira pulsación de deforestación polo lume (tal vez para facilitar as súas actividades cazadoras). A segunda gran pulsación de deforestación antrópica, por medio de incendios, aparecerá cos pobos megalíticos, ligada á súa actividade gandeira.

Temos que sinalar dous motivos de confusión dos elementos líticos laminares, máis ou menos tendentes a micrólitos, debidos a actividades humanas recentes: a) As pedras de chispa dos fusís arcaicos que se empregaron dende 1550 ata o século XIX. Son pezas de sílex que fan saltar chispas ó seren golpeadas con un percusor metálico. Adoitan ter aspecto paralelepípedo e teñen de unha a catro mechas, segundo o retoque de un a catro lados. b) Os sílex para trillo (“*tribulum*” romano) tamén poden dar lugar a confusións, aínda que adoitan ser lascas de maior tamaño que os micrólitos, en ocasións con restos de

córtex e con bulbos de percusión saíntes. Empregábanse para o trillado, engastados en liñas paralelas en tableiros de madeira, que eran arrasados nas leiras, circularmente, por équidos que camiñaban como nun muíño. Estes son elementos alleos a área de malla na Península Ibérica.


Por último, debemos sinalar que hoxe en día varía a interpretación global das pezas líticas, rexeitándose a idea dos “fósiles guía” e dun proceso lineal evolutivo tipo Leroi – Gourhan. Este cambio especificase cos cinco modos ou técnicas de talla de Clark, G. (1969) propostos na obra “*Prehistoria Universal: una nueva síntesis*”. Crese que as técnicas de explotación dos núcleos se deben, máis que a etapas lineais evolutivas (dende a “Pebble – culture” ata o Epipaleolítico), a adaptacións á contorna, e que non se trata dunha acumulación continua de novos métodos de talla senón dunha variabilidade complexa dos cinco modos, dende as culturas de hai 250 000 anos ata os máis recentes de tan só 5000 – 6000 anos. Así, encóntranse case que tódolos modos ou técnicas de talla dende o Paleolítico Inferior – Medio ata o Epipaleolítico (onde predomina xa a técnica microlítica). Esta técnica, difundida entre os grupos africanos e euroasiáticos hai 50 000 – 100 000 anos, expánde-se grazas ás grandes variacións climáticas acontecidas. Se un grupo tiña que cambia-la súa forma de vida cazadora pola recolección de alimentos os micrólitos empregados en lanzas, azagaias, arpóns e frechas empregaríanse en facer fouces de segar herbas e cereais. Estes micrólitos, ó seren moi pequenos, serían fáciles de transportar (máis fío por menos peso) e predominarían nos grupos con migracións estacionais. Nos grupos sedentarios explotaríanse os cantos rodados (modo 1) ou realizaríanse bifaces se o grupo era de vida nómade (modo 2). O modo 3, con puntas de Levallois, sería a orixe do modo 4 ou de láminas e logo pasaríase ó modo 5 ou de micrólitos, extraídos de láminas, que ó ser moi pequenos para usarse directamente coas mans case sempre serían mangados. Pénsase pois, hoxe en día, que máis que “revolucións tecnolóxicas” ou saltos nas técnicas de talla, por pertenza a distintos homínidos (*H. ergaster*, *H. erectus*, *H. habilis*, *H. neandertalensis*, *H. sapiens*), estaríamos non fronte a instrumentos con variabilidade sincrónica ou diacrónica senón ante unha variabilidade complexa produto do tipo de actividade de tódalas especies de *Homo*. E incluso existiría a pervivencia, ata a actualidade ou case, de “arcaísmos” na talla (como os casos locais do NO ibérico dos “picos asturienses” ou das “poutadas” ou doutros elementos). Con isto, ábrese o grande interrogante da nova datación de tódalas industrias líticas clásicas, que só podería realizarse non con métodos tipolóxicos senón con métodos de datación isotópica máis ou menos novos, obviando a análise dos complexos pétreos sacados á luz polas escavacións.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono:** 988 223 884

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.


ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

galicia

Museo Arqueolóxico


XUNTA DE GALICIA



**Ilustración 1:**

**Clasificación tipolóxica de Forte (1973) (redibuxada):**

- 1: Buril tipo Mallaetes. 2: Lámina apuntada tipo *Cocina*. 3: Laminiña con bordo abatido. 4: Trapecio simétrico. 5: Trapecio asimétrico. 6: Trapecio rectángulo. 7: Trapecio cun lado cóncavo. 8: Trapecio con dous lados cóncavos. 9: Trapecio coa base pequena retocada. 10: Triángulo isósceles. 11: Triángulo alongado. 12: Triángulo de vértice redondeado. 13: Triángulo escaleno. 14: Triángulo escaleno alongado. 15: Ídem de ídem con lado pequeno convexo. 16: Ídem de ídem con lado pequeno curto. 17: Ídem de ídem con lado pequeno cóncavo. 18: Ídem escaleno con dous lados cóncavos, tipo *Cocina*.



**Ilustración 2:**

- a) Técnica do "golpe de microburil". S. Tixier (redibuxado)
- b) Microburil e laminiña con ápice triédrico. S.J.L. Piel- Desruisseaux (redibuxado)
- c) Fabricación de trapecio a partir de una laminiña. S. ídem (redibuxado)